

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

7689 Orde DEF/1363/2016, do 28 de xullo, pola que se regulan a xornada e o réxime de horario habitual no lugar de destino dos membros das Forzas Armadas.

O artigo 22 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, establece que a xornada de traballo dos militares será, con carácter xeral, a do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado. Igualmente, establece que o réxime de horario se adaptará ás necesidades operativas e ás derivadas do funcionamento das unidades e da prestación de gardas e servizos, tomando en consideración a dispoñibilidade permanente para o servizo a que se refire o punto 1 do mencionado artigo, así como as normas e os criterios relativos á conciliación da vida profesional, persoal e familiar que se recollen na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Nese mesmo artigo establécese que os militares estarán en dispoñibilidade permanente para o servizo e que as exigencias desa servidume se adaptarán ás características propias do destino e ás circunstancias da situación. Previsión que, así mesmo, se contén no artigo 20 das reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, en que, ademais, como manifestación desa dispoñibilidade permanente para o servizo, se impón ao militar o deber de realizar calquera tarefa ou servizo coa máxima dilixencia e puntualidade, tanto en operacións como para garantir o funcionamento das unidades.

O artigo 5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que os principios e as normas de aplicación xeral ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, establecidos de acordo co texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, se incorporarán ao réxime do persoal militar profesional. Todo isto sempre que non contradiga a súa lexislación específica, por medio de normas regulamentarias nas cales se efectuarán as adaptacións debidas á condición militar. Así mesmo, o artigo 9 desta mesma lei recolle que o ministro de Defensa, como máximo responsable do departamento, dirixe a política de persoal e de ensino no ámbito das Forzas Armadas para posibilitar o cumprimento das misións que teñen encomendadas.

As actividades do persoal militar son múltiples e van desde a instrución, as gardas, servizos, manobras, navegacións e operacións, ata as administrativas, loxísticas e de ensino, entre outras. Porén, o propósito desta orde ministerial é regular a xornada de traballo habitual no lugar de destino con aquelas actividades que lle son máis características. De aí que esta norma recolla o que se define como «xornada xeral» e as circunstancias específicas que en ocasións a incrementan.

Nesta orde ministerial determínanse a xornada e o réxime de horario dos membros das Forzas Armadas, que serán similares aos que se prevén para o resto dos empregados públicos nas normas sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, ben que adaptado ás características de funcionamento e ás necesidades operativas das Forzas Armadas.

Por outra parte, a prestación de servizos máis alá da xornada ordinaria, derivada desa dispoñibilidade permanente para o servizo que caracteriza o persoal militar, fai preciso regular o réxime de descansos que proceda conceder a aqueles que, por razón da realización de gardas e servizos ou por outras causas, presten servizo por un tempo que exceda o que nesta orde ministerial se establece como xornada xeral de traballo.

Son estas características, propias das Forzas Armadas, as que fan necesario regular un réxime de descansos obrigatorios e adicionais que figuran nesta orde ministerial ante

as gardas, servizos, manobras e actividades en horario continuado que presta o persoal militar, como exixencia para o cumprimento das necesidades que derivan da súa función e como consecuencia do mencionado réxime de dispoñibilidade permanente.

Ademais, modifícase a Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas, introducindo un novo artigo 3 bis no sentido de que, para os seus efectos, o cómputo de anos de servizo realizarase desde a data de ingreso nas Forzas Armadas.

Na elaboración do proxecto desta orde ministerial participaron as asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas. Durante a súa tramitación recibiu o informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Igualmente, púxose en coñecemento das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, consonte o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, recibiu o informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten por obxecto regular a xornada e determinar o réxime de horario habitual de traballo no lugar de destino para o persoal militar. Este será o establecido para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado coas adaptacións ás necesidades operativas e ás derivadas do funcionamento das unidades, así como da prestación de gardas, servizos e períodos de instrución continuada que constan nesta disposición.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ministerial será de aplicación a todos os militares en servizo activo ou en situación de reserva que estean ocupando destino ou en comisión de servizo na estrutura do Ministerio de Defensa, conforme os artigos 108 e 113 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

2. Esta disposición será de aplicación supletoria para todo aquel persoal militar que se encontre destinado ou comisionado no estranxeiro ou en departamentos, centros e organismos non dependentes do Ministerio de Defensa, cando non contén cun réxime específico no que se refire á normativa regulada nesta disposición.

3. Tamén será de aplicación aos reservistas durante o seu período de activación.

Artigo 3. *Definicións.*

1. A xornada xeral é o tempo de traballo efectivo do persoal militar no destino.

2. As circunstancias específicas que modifican a xornada xeral son aquelas gardas, servizos e períodos de instrución continuada que o persoal militar se ve obrigado a cumprir como consecuencia das necesidades do servizo.

3. A prolongación de xornada é o período en que por necesidades do servizo, xa sexan operativas ou de funcionamento da unidade, se incrementa de forma ocasional o horario habitual de traballo.

4. O horario habitual de traballo é o que determina a hora de inicio e fin das actividades diarias no destino.

5. O descanso obrigatorio é o período de tempo inmediatamente posterior á prestación de gardas, servizos ou períodos de instrución continuada que exixen dedicación

exclusiva e presenza ininterrompida de 24 horas ou máis, coa finalidade de favorecer a recuperación polo esforzo e previr riscos innecesarios na unidade.

6. O descanso adicional é o período de tempo que xorde como consecuencia das actividades militares realizadas fóra do horario habitual de traballo e que será compatible co previsto no punto anterior.

7. O período de instrución continuada é o dedicado ao adestramento da unidade cunha duración de ao menos 24 horas, realizado fóra da base ou do acuartelamento.

Artigo 4. *Necesidades do servizo.*

1. Os militares estarán en dispoñibilidade permanente para o servizo. As exigencias desa dispoñibilidade adaptaranse ás características propias do destino e ás circunstancias da situación.

2. As necesidades do servizo prevalecerán sobre as datas e a duración dos descansos recoñecidos nesta orde ministerial, ben que as limitacións na concesión que se produzan deberán ser motivadas.

3. As necesidades do servizo deberán estar sometidas aos criterios de oportunidade, proporcionalidade e excepcionalidade.

4. A aplicación do criterio de necesidades do servizo farase sempre de forma xustificada, motivada e individualizada. En todo caso, comunicaráse ao militar afectado a decisión adoptada por escrito.

CAPÍTULO II

Xornada xeral e horarios

Artigo 5. *Xornada xeral e horarios.*

1. A duración da xornada xeral será de 37 horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual. A súa equivalencia en horas anuais será a que en cada momento se recolla nas instrucións sobre xornada e horario de traballo do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos.

2. A distribución da xornada realizarase:

a) Xornada de mañá: o horario fixo de presenza no posto de traballo será de 9:00 a 14:30 horas de luns a venres. O tempo restante ata completar a xornada semanal realizarase en horario flexible, entre as 7:30 e as 9:00 de luns a venres e entre as 14:30 e as 18:00 de luns a xoves, así como entre as 14:30 e as 15:30 horas os venres.

b) Xornada de mañá e tarde: o horario fixo de presenza no posto de traballo será de 9:00 a 17 horas, de luns a xoves, cunha interrupción para a comida que non computará como traballo efectivo e que será, como mínimo, de media hora, e de 9:00 a 14:30 os venres, sen prexuízo do horario aplicable ao persoal destinado naqueles postos que a xuízo do xefe de unidade sexa necesaria unha regulación especial. O resto da xornada, ata completar as horas correspondentes, segundo o réxime de dedicación, realizarase en horario flexible entre as 7:30 e as 9:00 horas e entre as 17 e as 18 horas, de luns a xoves, e entre as 7:30 e as 9:00 e entre as 14:30 e as 15:30 os venres.

3. Durante a xornada de traballo poderase gozar dunha pausa por un período de trinta minutos, que se computará como traballo efectivo. Esta interrupción non poderá afectar o funcionamento normal das unidades e, con carácter xeral, poderá efectuarse entre as 10:00 e as 12:30 horas.

4. Non obstante, cando as necesidades do servizo, operativas ou de adestramento da unidade así o requiran, os xefes de unidade poderán variar temporalmente os horarios establecidos de forma motivada.

5. O xefe de Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire poderán fixar, no ámbito das súas respectivas competencias, horarios diferentes e adaptados ás

necesidades específicas das unidades, que poderán incluír o desenvolvemento por parte do persoal neles destinado dunha xornada de traballo en réxime fixo sen flexibilidade horaria ou en réxime de quendas. Para este réxime defínense os medios humanos suficientes que garantan o bo funcionamento da unidade para o cumprimento das horas anuais establecidas no réxime xeral. Tamén poderán establecer, fóra dos horarios sinalados, os servizos necesarios para garantir o exercicio do mando, a dirección e o control.

6. O persoal destinado en representacións permanentes ante organizacións internacionais, en representacións militares en organismos internacionais e agregadorías de Defensa, adaptará a súa xornada e horario ao do persoal destinado nos organismos e representacións diplomáticas de que dependan. Non obstante, o xefe de Estado Maior da Defensa e o secretario xeral de Política de Defensa poderán establecer de forma motivada, no ámbito das súas respectivas competencias, xornadas e horarios diferentes, cando as necesidades do servizo así o requiran.

Artigo 6. *Xornada en réxime de especial dedicación.*

A duración da xornada do persoal que desempeñe postos de traballo considerados de especial dedicación será de 40 horas semanais, sen prexuízo do aumento de horario que excepcionalmente sexa preciso por necesidades do servizo.

Artigo 7. *Xornada reducida por interese particular.*

1. Naqueles casos en que resulte compatible coa natureza do posto desempeñado e coas funcións do centro de traballo, o persoal que ocupe postos de traballo cuxo nivel de complemento de emprego sexa igual ou inferior ao 28 poderá solicitar ao xefe de unidade o recoñecemento dunha xornada reducida, ininterrompida, das 9 ás 14 horas, de luns a venres, percibindo o 75% das súas retribucións, conforme os criterios e fórmulas para o cálculo das retribucións nos casos de redución de xornada que se recollen no anexo II da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime das vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas.

2. Non se lle poderá recoñecer esta redución de xornada ao persoal que preste servizos en réxime de especial dedicación, salvo que se autorice o pase previo ao réxime de dedicación ordinaria coa conseguinte exclusión, de ser o caso, do complemento de dedicación especial que se perciba por aquel réxime.

3. Esta modalidade de xornada reducida será incompatible coas reducións de xornada recoñecidas na Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro.

Artigo 8. *Medidas de flexibilidade horaria.*

1. Os militares que teñan ao seu cargo persoas maiores, fillos menores de 12 anos ou persoas con discapacidade, así como quen teña ao seu cargo directo un familiar con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, terán dereito a flexibilizar nunha hora diaria a parte fixa do horario da xornada que teñan establecida.

2. Os militares que teñan fillos con discapacidade poderán dispoñer dun máximo de dúas horas de flexibilidade horaria do horario que corresponda co fin de conciliar os horarios dos propios centros de traballo cos dos centros educativos ordinarios de integración e de educación especial, dos centros de habilitación e rehabilitación, dos servizos sociais e centros ocupacionais, así como outros centros específicos onde a persoa con discapacidade reciba atención, cos horarios dos propios postos de traballo.

3. Excepcionalmente, os xefes de unidade poderán conceder, con carácter persoal e temporal, a modificación da parte fixa do horario nun máximo de dúas horas por motivos directamente relacionados coa conciliación da vida persoal, familiar e profesional, así como nos casos de familias monoparentais.

4. Os militares que se reincorporen ao servizo cando finalicen un tratamento de radioterapia ou quimioterapia poderán solicitar unha adaptación progresiva da súa xornada

de traballo ordinaria. Os xefes de unidade poderán conceder esta adaptación cando coadrua á plena recuperación funcional do militar ou evite situacións de especial dificultade ou penosidade no desempeño do seu traballo. Esta adaptación poderase estender ata un mes desde a alta médica e poderá afectar ata un 25% da duración da xornada diaria, preferentemente na súa parte flexible, e considerárase como tempo de traballo efectivo. A solicitude irá acompañada da documentación que presente o interesado para acreditar a existencia desta situación. Os xefes de unidade deberán resolver sobre ela nun prazo de tres días, sen prexuízo de que, para comprobar a procedencia desta adaptación, os xefes de unidade poidan solicitar os informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais ou de calquera outro órgano que considere oportuno sobre o tratamento recibido ou as actividades de rehabilitación que lle fosen prescritas.

O prazo a que se refire o parágrafo anterior poderase ampliar nun mes máis cando o militar xustifique a persistencia no seu estado de saúde das circunstancias derivadas do tratamento de radioterapia ou quimioterapia.

Con carácter excepcional e nos mesmos termos indicados, esta adaptación de xornada poderá solicitarse en procesos de recuperación doutros tratamentos de especial gravidade. Neste suposto, deberánse analizar as circunstancias concorrentes en cada caso.

Artigo 9. *Xornada de verán.*

1. Durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ambos inclusive, as unidades poderán establecer unha xornada intensiva de traballo, a razón de seis horas e media continuadas de traballo, que se desenvolverá entre as 8 e as 15 horas, de luns a venres.

2. O persoal que preste servizos en réxime de especial dedicación, ademais do cumprimento do horario establecido no número anterior, deberá realizar durante este período, se as necesidades do servizo o requiren, cinco horas adicionais á semana.

3. Por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, os militares con fillos, descendentes ou persoas suxeitas á súa tutela ou acollemento de ata 12 anos de idade poderanse acoller a esta modalidade de xornada intensiva desde o 1 de xuño e ata o 30 de setembro de cada ano. Este dereito poderase exercer tamén no ano en que o menor faga a idade de 12 anos.

CAPÍTULO III

Descansos obrigatorios, adicionais e outras medidas

Artigo 10. *Criterios de aplicación para os descansos.*

Naquelas unidades en que por necesidades do servizo, adestramento, instrución, gardas ou servizos, ou polo seu carácter operativo se modifique o horario habitual máis alá do contido no capítulo II, e pola realización desas actividades non se reciba ningunha compensación económica, distinta ás que corresponden á manutención e aloxamento, aplicaranse os criterios de descanso que se detallan neste capítulo, sempre e cando tales períodos de descanso sexan compatibles coas necesidades do servizo e teñan lugar con posterioridade á actividade realizada.

Artigo 11. *Descansos obrigatorios e adicionais.*

1. Pola realización presencial de gardas, servizos ou instrucións continuadas superiores á xornada de traballo habitual e cuxa execución supoña ao menos 24 horas ininterrompidas de actividade e dedicación exclusiva, o persoal militar desfrutará, en función das necesidades do servizo, dun día de descanso obrigatorio. Este será o inmediatamente posterior á realización da actividade ou, con carácter particular, no primeiro día laborable cando aquela tivese lugar en vésperas de non laborable ou festivo.

2. Pola realización daquelas gardas ou actividades con duración inferior a 24 horas ininterrompidas de actividade e que supoñan un incremento da xornada ou se realizen

en fin de semana ou festivo, poderase desfrutar do descanso adicional que determine o xefe de unidade en función da súa duración e que será inferior a un día de descanso.

3. Pola realización de actividades que supoñan varios días de ausencia da localidade de destino, distintas ás que se determinan na disposición derradeira segunda, tamén se poderá desfrutar ao seu regreso do descanso adicional que determine o xefe de unidade en función da duración das ditas actividades.

4. En calquera caso, pola realización de gardas, servizos, instrucións continuadas, exercicios ou actividades análogas, reguladas nos números 1 e 3 do presente artigo, poderanse desfrutar ata un máximo de 10 días de descanso adicional ao ano, que serán concedidos polo xefe de unidade, preferentemente durante os períodos de baixa actividade da unidade e atendendo ás necesidades do servizo, tendo como referencia o principio da conciliación da vida persoal, familiar e profesional.

5. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, e o xefe de Estado Maior da Defensa, no que afecta as unidades da súa estrutura básica, poderán fixar por instrución a posibilidade de substituír os días de descanso adicional por reducións equiparables da xornada xeral.

Artigo 12. *Prolongación de xornada.*

Nos casos en que por necesidades do servizo, xa sexan operativas ou de funcionamento da unidade, se prolongue de forma ocasional a xornada xeral de traballo, o xefe de unidade poderá conceder ao persoal afectado o tempo de descanso que xulgue necesario.

Artigo 13. *Rexistro.*

Todas as unidades anotarán de forma individualizada os días de descanso adicionais regulados por esta orde ministerial no sistema informático que se encontre implantado en cada momento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde ministerial 121/2006, do 4 de outubro, pola que se aproban as normas sobre xornada e horario de traballo, vacacións, permisos e licenzas dos militares das Forzas Armadas.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas.*

Engádese un novo artigo 3 bis á Orde DEF/253/2015, do 9 de febreiro, pola que se regula o réxime de vacacións, permisos, reducións de xornada e licenzas dos membros das Forzas Armadas, coa seguinte redacción:

«Artigo 3 bis. *Cómputo de tempos.*

No ámbito desta orde ministerial, o cómputo de anos de servizo contabilizarase desde a data de ingreso nas Forzas Armadas.»

Disposición derradeira segunda. *Manobras, navegacións, exercicios e actividades análogas.*

1. O xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas competencias, poderán establecer os criterios para a determinación dos períodos de inactividade que permitan aos

xefes de unidade conceder outros descansos diferentes aos regulados nesta norma, con motivo da realización daquelas manobras, navegacións, exercicios e actividades análogas.

2. Estes criterios, en todo caso, deberán ter en conta: a duración da actividade, se a dita actividade se realizou en día festivo ou non laborable, e se pola súa realización se recibe algún tipo de compensación económica.

3. Así mesmo, poderán fixar mediante instrución a posibilidade de que parte destes descansos adopten a forma de reducións equiparables da xornada laboral.

Disposición derradeira terceira. *Criterios de interpretación.*

O subsecretario de Defensa poderá definir os criterios de interpretación que sexan necesarios para a aplicación desta orde ministerial, que se axustarán aos que se prevén para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, sempre que a organización e as funcións específicas das Forzas Armadas o permitan.

Disposición derradeira cuarta. *Operacións.*

O xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas competencias, regularán a concesión e o disfrute dos descansos do persoal militar que participe en operacións no exterior.

Disposición derradeira quinta. *Facultades de aplicación.*

1. Habilítase o subsecretario de Defensa para ditar cantas instrucións e resolucións sexan necesarias para a aplicación desta orde ministerial.

2. Anualmente, o subsecretario de Defensa poderá avaliar os efectos da aplicación desta norma sobre a operatividade e o funcionamento das unidades, e sobre a prestación das gardas, servizos, períodos de instrución continuada e actividades análogas polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta orde ministerial.

Disposición derradeira sexta. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas nesta norma non supoñen incremento de dotacións nin retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de xullo de 2016. –O ministro de Defensa, Pedro Morenés Eulate.